

GALICIA

ORDE do 5 de decembro de 2022 pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, de profesores de escolas oficiais de idiomas, de profesores de música e artes escénicas, de profesores de artes plásticas e deseño e de mestres

ESPECIALIDAD	Reserva persoas con discapacidade	Libre	Total
Educación Infantil (031)	1	2	3
Lingua Estranxeira: Francés (033)	2	2	4
Música (035)	2	2	4
Pedagogía Terapéutica (036)	1	1	2
Audición e Linguaxe (037)	1	2	3
Educación Primaria (038)		1	1
Total	7	10	17

Parte A.

Terá por obxecto a demostración de coñecementos específicos necesarios da especialidade de docente á que se opta. Consistirá no desenvolvemento por escrito dun tema elixido pola persoa aspirante, de entre un número de temas, extraídos ao chou polo tribunal, proporcional ao número total de temas do temario de cada especialidade. O número de temas que se extraerá será o seguinte: Corpo de mestres: **3 temas**

O persoal aspirante disporá de **DÚAS HORAS** para a realización desta parte da primeira proba e procederase a súa lectura no lugar, día e hora no que sexa citado polo tribunal para realizar a preparación, presentación e exposición, e defensa da unidade didáctica ou o programa de intervención.

Parte B.

Parte B.1:

Terá por obxecto a comprobación da aptitude pedagóxica da persoa aspirante e o seu dominio das técnicas necesarias para o exercicio docente.

Preparación, presentación e exposición, e defensa dunha unidade didáctica.

A preparación, presentación e exposición, e defensa dunha unidade didáctica estará relacionada coa especialidade á que opta a persoa aspirante. A persoa aspirante elixirá o contido da unidade didáctica. Na elaboración da citada unidade didáctica deberán concretarse os obxectivos de aprendizaxe que perseguen con ela, os seus contidos, as

actividades de ensino e aprendizaxe que se van a formular na aula e os seus procedementos de avaliación.

O persoal aspirante disporá de media hora para a preparación da unidade didáctica, e poderá utilizar o material que considere oportuno, sen posibilidade de conexión co exterior, polo que o material que vaia utilizar non poderá ser susceptible da dita conexión (ordenadores portátiles, teléfonos móbiles, etc.)

Para a presentación, exposición e defensa, o persoal aspirante poderá utilizar o material auxiliar que considere oportuno e que deberá achegar el mesmo, sempre que sexa aprobado polo tribunal, así como un guión que non excederá dunha páxina e que se entregará ao tribunal ao final desta.

O persoal aspirante disporá dun **TEMPO MÁXIMO DE MEDIA HORA** para a presentación e exposición, e defensa da unidade didáctica. Unha vez finalizada a defensa, o tribunal poderá establecer un debate co persoal opositor cunha duración máxima de 15 minutos.

Especialidades de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe do corpo de mestres.

Nas especialidades de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe do corpo de mestres esta proba consistirá na preparación, presentación e exposición, e defensa dun programa de intervención con alumnado con necesidade educativa específica de apoio educativo (alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades coa aprendizaxe, TDAH, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar. O persoal aspirante elixirá o contido do programa de intervención.

O persoal aspirante disporá de media hora para a preparación do programa de intervención específico e poderá utilizar o material que xulgue oportuno.

Para a exposición, o persoal aspirante poderá utilizar un guión que non excederá un folio e que entregará ao tribunal unha vez rematada a súa exposición.

O persoal aspirante disporá dun **TEMPO MÁXIMO DE MEDIA HORA** para a presentación e exposición, e defensa do programa de intervención. Unha vez finalizada a defensa, o tribunal poderá establecer un debate co persoal opositor cunha duración máxima de 15 minutos

Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes abranguerá **DESDE O DÍA 10 DE XANEIRO DE 2023 ATA O DÍA 30 DE XANEIRO DE 2023, AMBOS INCLUÍDOS.**